

MOCIÓN DE POR CHANTADA-CUP PARA IMPULSAR UN PLANO COMARCAL DE COMPOSTAXE DE RESIDUOS



Antom Fente Parada, voceiro do Grupo Municipal **Por Chantada-CUP**, apresento ao abeiro do disposto nos artigos 94.1 e 94.2 do Regulamento Orgánico Municipal e 97.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais a seguinte **MOCIÓN** para a súa discusión e aprobación, se procede, relativa á **MOCIÓN DE POR CHANTADA-CUP PARA IMPULSAR UN PLANO COMARCAL DE COMPOSTAXE DE RESIDUOS**.

A tal efecto, apresento para a súa discusión, co alvo de suscitar a UNANIMIDADE da CORPORACIÓN que permita a súa aprobación, a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Novamente, o grupo de traballo de Por Chantada-CUP dedicado a cuestións ambientais, formula máis unha proposta co obxectivo de termos un Concello máis sustentábel e cunha mellor calidade de vida presente e futura.

Actualmente, máis de 40% do lixo doméstico é compostábel, é dicir, **o lixo diario que se xera nos fogares contén entre 40 % e 50 % de materia orgánica** que pode ser reciclada e retornada á terra en forma de humus para plantas e cultivos. **De cada 100 quilos de lixo orgánico obtéñense entre 10 e 15 quilos de compost**. Por outras palabras, o lixo orgánico que se xera nos fogares pode ser aproveitado e retornado á terra en forma de fertilizante para as plantas e os cultivos podendo empregarse tanto en uso doméstico como por parte da área de parques e xardíns, quen tamén podería fornecer restos leñosos, serraduras e follas necesarios para a compostaxe, se ben a pervivencia de hortas mesmo na área vilega facilita moito a súa posta en marcha.

Porén, sobretudo, é mester apostar pola compostaxe por unha cuestión de concienciación medioambiental, porque compostando redúcese a cantidade de lixo que acaba no vertedoiro ou se incinera. **Compostar é un proceso doado de facer e que ten un custo económico mínimo comparado con outros sistemas de xestión do lixo, xa que permite aos concellos poupar na recollida, no transporte e no propio tratamento dos residuos.**

Para alén do dito, non é difícil cuantificar a poupanza na factura do lixo se reducimos o peso deste nun 40%. De feito, o gasto no lixo representa un gasto crecente que aumenta de ano para ano, ao tempo que o modelo de SOGAMA é un modelo insustentábel, irracional e cun alto impacto na facenda local. O gasto na “recollida e tratamento do lixo” en Chantada en só dous anos pasou de 66,91€ por habitante en 2014 a 76,46€ por habitante no orzamento de 2016¹, ou sexa en só dous anos incrementouse o gasto na partida 162 en 9,55€ por habitante. Para pór o dado económico en perspectiva, o Concello de Chantada orzamentou para 2016 6,57€/hab. a “Fomento do emprego” (241).

Na seguinte táboa pódese verificar como ao longo da lexislatura a tendencia é alcista e xa non só no tomando a referencia de gasto por habitante, que se incrementa de modo *natural* polo envellecemento e a perda de poboación, senón tamén se observamos o montante total (74.108,98€) ou incluso se tomamos como referencia a porcentaxe dos ingresos totais (proprios e transferencias) dedicados a esta partida (incrementándose expoñencialmente 0,65% por ano).

Evolución do gasto na recollida e tratamento do lixo (162)		
ANO	Gasto (en €)	% do ingreso total
2014	572.338,67	10,57
2015	646.961,65	11,75
2016	649.447,65	11'79

Deste montante, orzamentouse só para SOGAMA (P.O. 162.227.04) en 2016 277.335,19€, fronte os 324.112,72€ destinados a “limpeza e aseo” (Ascan, P.O. 162.227.00), os 3.000€ para Escor (162.227.99) e os 27.999,74 para soldos e complementos. **Diversos estudos estiman que a implantación da compostaxe comunitaria aforraríalles aos concellos ata uns 40-45 euros por familia e ano.**

¹ Os datos para 2014 e 2015 están tirados de cadansúa conta xeral. No caso de 2016, ao non termos aínda acceso á Conta Xeral están tirados do orzamento, polo que a cantidade finalmente gastada por oscilar.

Se os residuos sólidos representan máis de 40% do peso do lixo e cobrando SOGAMA por tonelada² podemos considerar, xa que logo, os beneficios económicos e xa non só ambientais que pode ter a compostaxe **para o noso Concello** e que a medio-longo prazo poden representar **facilmente por volta de 130.000€ de aforro por ano. Unha cantidade que debería dedicarse, por un lado, a baixar nun mínimo de 25% as taxas do lixo ás persoas que empreguen a compostaxe e, por outro lado, a remunicipalizar o servizo de recollido de lixo impulsando un modelo comarcal 100% público de recollida e tratamento**³.

Neste sentido, **existen referencias e alternativas ao modelo SOGAMA como a Mancomunidade do Barbanza** que podería imitarse na nosa comarca, cun modelo de **tratamento e xestión do lixo propio máis barato, máis limpo e máis eficiente que non emprega a incineración** e cuxas taxas de recollida selectiva de vidro e outros materias medran anualmente.

Canto máis preto aproveitamos os restos orgánicos máis se reduce o consumo de combustibles para o transporte, hai menos acumulación de refugallos en vertedoiros e contribuímos para unha redución de substancias tóxicas e gases nocivos. Tamén evitamos a contaminación producida ao queimalos. Ao tempo, xestionar o lixo desde o público e na nosa comarca permitiría **xerar empregos locais de calidade e é retornar a un modelo de xestión dos residuos orgánicos propio do noso medio rural e, xa que logo, da nosa identidade**, onde o lixo sempre tiña un fin: para consumo animal, para abono de morteiros...

Por se o anterior fose pouco, **separar as diferentes fraccións do lixo na casa fai que tomemos consciencia de todo o que tiramos e que reduzamos a cantidade de residuos que xeramos**. Así mesmo, o modelo Barbanza demostrou que as familias que participan nas campañas de reciclaxe e separan correctamente a parte orgánica melloran tamén as ratios de separación de envases, cartón e vidro.

Nas antípodas está o modelo SOGAMA, que é o que emprega Chantada e outros 289 concellos galegos, onde **só se recupera 3'3% dos residuos que xestiona (fronte a 24% de media da UE) emitindo 133 millóns de quilos de CO2 e 18.600 quilos de dióxido de xofre en 2015**, medrando os datos de ano

2 Coas subas operadas desde a Xunta os concellos galegos están pagando arredor de 90€ por cada tonelada tratada por SOGAMA.

3 Podería, con aparente moi bo criterio, defenderse unha descida maior na factura do lixo para as persoas que compostan xa que, realmente, contribúen aforrando moito máis desde 25%. No entanto, tivemos en conta a situación realmente existente. O modelo privatizador da xestión do lixo e os cobros efectuados por SOGAMA trouxeron consigo que o tratamento do lixo sexa servizo moi deficitario xa que o cobro das taxas á cidadanía, en moitos casos, non chega nin a 50 % do custo "real".

para ano⁴. **Un modelo fracasado que só se mantén porque é un lucrativo negocio xunto á xestión privatizada do lixo.**

De por parte, a **Deputación de Pontevedra impulsou unha plano de compostaxe na provincia** xa activo nos concellos de Barro, Caldas de Reis, Cambados, Cangas do Morrazo, A Illa de Arousa, Moaña, Pontevedra, Ribadumia, Salceda de Caselas, Sanxenxo, Tomiño e Vilaboa e vaise espallar proximamente a Baiona, Bueu, Catoira, Gondomar, Ogrobe, Lalín, Ponteareas, Redondela e Vilagarcía de Arousa. Cada un dos composteiros comunitarios instalados dá servizo entre 60 e 300 viciños.

Dado o anteriormente exposto, de conformidade co noso programa, desde Por Chantada-CUP propomos ao pleno da Corporación de Chantada, para comezarmos a avanzar na dirección certa, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Instar á Deputación de Lugo a impulsar un programa análogo ao da Deputación de Pontevedra para, en parcería cos concellos, lanzar planos comarcais ou locais de compostaxe.

2.- Solicitar da Deputación de Lugo e da Xunta da Galiza información sobre o procedemento que permitiría a posta en marcha da *Mancomunidade de concellos País do Faro* para a xestión e tratamento do lixo comarcal, se así é estimado polos concellos da zona.

3.- Dirixirse á Mancomunidade do Barbanza para solicitar información sobre o seu modelo de tratamento de lixo, estatutos da mancomunidade e outras informacións de interese para licitar un modelo semellante.

4.- Elaborar un informe deste a secretaría e a intervención municipais sobre o procedemento e custo da remunicipalización do servizo do lixo e dos prazos idóneos para facelo en virtude dos contratos vixentes.

⁴ “Sogama só recupera o 3,3% dos residuos que xestiona” in *Praza Pública* (3/11/2017), dispoñíbel en <http://praza.gal/movementsos-sociais/13002/sogama-so-recupera-o-33-dos-residuos-que-xestiona/> (última consulta 21/04/2017).

5.- Saudar afectuosamente as corporacións de Carballedo, Taboada, Saviñao, Portomarín, Pantón, Rodeiro e San Cristobo de Cea informándoas do contido e dos acordos da presente moción e sondando o seu interese nos mesmos.

Lisboa, 25 de abril (sempre) de 2017.

Asinado, Antom Fente Parada.